

ACTA DA SESIÓN ORDINARIA CELEBRADA POLA XUNTA
DE GOBERNO LOCAL EN DATA 31 DE AGOSTO DO 2007.-

Na Casa do Concello da Guarda, sendo as dez horas do día trinta e un de agosto do ano dous mil sete, tivo lugar a sesión Ordinaria da Xunta de Goberno Local que, convocada e presidida polo Sr. Alcalde D. José Manuel Domínguez Freitas, contou coa asistencia dos seguintes concelleiros membros deste órgano:

- Dna. Montserrat Magallanes Álvarez.
- D. Miguel A. Español Otero.
- D. Paulino Rodríguez González.
- D. Antonio Lomba Baz.
- D. Manuel Javier Crespo González

Asiste como Secretario funcionario do Concello D. Juan Alberto Santos Carrero.

Tamen estan presentes as concelleiras Dna M^a Teresa Vicente Baz e Dna. Carmen M^a Castro González.

Sendo a hora sinalada, o Sr. Presidente pasa a dar conta dos asuntos que conforman a orde do día, que de seguido se relacionan:

PUNTO 1.- INSTANCIAS

Lense os escritos RE 6.181 e RE 6.182 de data 27 de agosto de 2007, presentado por D. JESÚS MARTÍNEZ CADILLA, con enderezo na rúa Galicia, nº 37-3^oB de A Guarda, solicitando que se tomen as medidas oportunas co local denominado Camelot para que non volva a repetirse o exceso de volume da música que impida o descanso dos veciños durante o fin de semana.

A Xunta de Goberno Local acorda facer medición de volumen e comunicarlle ó titular do local a súa obriga respecto dos decibelios emitidos.

Dase conta do escrito RE 6.157 de data 27 de agosto de 2007, remitido por SERVIZO GALEGO DA PROMOCIÓN DA IGUALDADE DO HOME E DA MULLER, comunicando que na Guarda vaise realizar a actividade denominada CINEFORUM dentro do programa de actividades que este Servizo pretende desenvolver no segundo semestre do 2007.

A Xunta de Gobreno Local dase por enterada, nomeando como persoa de contacto á Concelleira Dna. Carmen M^a Castro González.

Lese o escrito RE 6.147 de data 24 de agosto de 2007, presentado por D. JOSÉ A. GÁNDARA RODRÍGUEZ, en representación da Sociedade Filatélica e Numismática Guardesa, con enderezo social na Praza da Igrexa, nº 1 da Guarda, solicitando permiso para poñer 30 bandeirolas publicitarias nas rúas Galicia e Puerto Rico con motivo da XXV Mostra Filatélica da Federación Galega “EXFIGALICIA 2007” a celebrar nesta vila entre os días 15 de setembro e 30 de outubro.

A Xunta de Goberno Local acorda acceder ó solicitado.

Lese o escrito RE 6.144 de data 24 de agosto de 2007, presentado por DNA. M^a ÁNGELES RODRÍGUEZ ADROVER, con enderezo na Carretera de Camposancos, nº 126 da Guarda, solicitando novamente que dende o Concello se proceda a retirada dos cans soltos que están na rúa Paseo de Portugal.

A Xunta de Goberno Local sinala que se están a tomar as medidas oportunas para resolver este problema.

Lese o escrito RE 6242 de 29 de agosto de 2007 presentado por D. JOSE FREIRE CASTRO, titular da farmacia situada na rúa Joaquin Alonso nº 19, solicitando autorización para o cambio da cruz indicativa do servizo de urxencia, situada na fachada da farmacia.

A Xunta de Goberno Local acorda acceder ó solicitado.

Dase conta do escrito RE 6.176 de data 27 de agosto de 2007, presentado por ASOCIACIÓN PARA A FORMACIÓN CONTINUA E INICIATIVAS EMPRESARIAIS DO BAIXO MIÑO, con enderezo na rúa Agustín Nandín Lomba, nº 4 da Guarda, solicitando autorización para poder facer as prácticas do Curso de Auxiliar de Axuda a Domicilio do Plan FIP 2007 neste Concello ó igual que en anos anteriores.

A Xunta de Goberno Local acorda acceder ó solicitado.

Dase conta do escrito RE 6.240 de data 29 de agosto de 2007, presentado por ASOCIACIÓN PARA A FORMACIÓN CONTINUA E INICIATIVAS EMPRESARIAIS DO BAIXO MIÑO, con enderezo na rúa Agustín Nandín Lomba, nº 4 da Guarda, solicitando que a Traballadora Social e a Responsable do CIM do Concello da Guarda participen o día 7 de setembro no módulo de recursos sociais e integración social do curso FIP 2007.

A Xunta de Goberno Local acorda acceder ó solicitado.

Dase conta do escrito RE 6.183 de data 27 de agosto de 2007, presentado por VICEPRESIDENCIA DA IGUALDADE E DO BENESTAR – DIRECCIÓN XERAL DE ACCIÓN SOCIAL, comunicando a resolución de conceder unha subvención de 4.086,60 € ó abeiro da Orde do 8 de marzo de 2006 pola que se regulan as bases e se rexe a concesión de subvencións destinadas á prestación de servizos sociais polas corporacións locais.

A Xunta de Goberno Local dase por enterada.

Lese o escrito RE 6.184 de data 27 de agosto de 2007, presentado por DEFENSOR DEL PUEBLO, con enderezo na rúa Eduardo Dato, nº 31 de Madrid, solicitando que se lle remita un informe sobre o asunto que motivou a queixa de Dña. Carmen M^a Baz Rodríguez.

A Xunta de Goberno Local acorda que se lle remita dito informe.

Dase conta do escrito RE 6.247 de data 29 de agosto de 2007, presentado por DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE PONTEVEDRA – SERVICIO DE RECURSOS HUMANOS, informando respecto do Plan de Formación setembro/décembro 2007 para o persoal de concellos da provincia.

A Xunta de Goberno Local dase por enterada.

PUNTO 2.- INFORMES ASUNTOS SOCIAIS

Lese o escrito RE 4.847 de data 2 de xullo de 2007, presentado por Dña. CARMEN PILAR VIDEIRA MARTÍNEZ, actuando en representación de Dña. FLORINDA MARTÍNEZ MARTÍNEZ, con enderezo na rúa da Cal, nº 121 de A Guarda, solicitando a bonificación do 50% nas taxas municipais de auga, lixo e sumidoiro relativos o obxecto tributario sito na rúa da Cal, nº 119.

A Xunta de Goberno Local, de acordo co informe do Departamento de Servizos Sociais do Concello, acorda denegar a solicitude posto que os ingresos da unidade familiar superan, en cómputo anual, o salario mínimo interprofesional.

Lese o escrito RE 5.579 de data 30 de xullo de 2007, presentado por D. LUIS ROCHA GARCÍA, con enderezo na rúa Tomiño, nº 4-3ºE de A Guarda, solicitando a bonificación do 50% nas taxas municipais de auga, lixo e sumidoiro relativos o obxecto tributario sito na rúa Tomiño, nº 4-3ºE.

A Xunta de Goberno Local, de acordo co informe do Departamento de Servizos Sociais do Concello, acorda denegar a solicitude posto que os ingresos da unidade familiar superan, en cómputo anual, o salario mínimo interprofesional.

Dase conta da solicitude de prestación do Servizo de Axuda a Domicilio para J.S.P e para J.A.L.

A Xunta de Goberno Local, visto o informe da traballadora Social do Concello, acorda concederlle dito servizo se ben recordaráselle ós beneficiarios que deberán poñer en coñecemento do departamento de Servizos Sociais do Concello calquera alteración na situación económica familiar.

Dase conta da solicitude de prestación do Servizo de Axuda a Domicilio para D.G.F..

A Xunta de Goberno Local, visto o informe da traballadora Social do Concello, acorda concederlle dito servizo se ben recordaráselle ós beneficiarios que deberán poñer en coñecemento do departamento de Servizos Sociais do Concello calquera alteración na situación económica familiar.

Dase conta da solicitude de prestación do Servizo de Axuda a Domicilio para J.C.V.

A Xunta de Goberno Local, visto o informe da traballadora Social do Concello, acorda concederlle dito servizo se ben recordaráselle ós beneficiarios que deberán poñer en coñecemento do departamento de Servizos Sociais do Concello calquera alteración na situación económica familiar.

Dase conta da solicitude de prestación do Servizo de Axuda a Domicilio para M.P.V.R.

A Xunta de Goberno Local, visto o informe da traballadora Social do Concello, acorda concederlle dito servizo se ben recordaráselle ós beneficiarios que deberán poñer en coñecemento do departamento de Servizos Sociais do Concello calquera alteración na situación económica familiar.

PUNTO 3- OBRAS MENORES

Asiste o funcionario do Concello D. José M^a Álvarez Álvarez.

A Xunta de Goberno Local, tralo informe do técnico municipal, co orzamento fixado por este e conforme ó que xa foron ingresados nas arcas do Concello os correspondentes impostos e taxas locais, pola unanimidade dos presentes, e sen prexuízo de terceiros, acordou acceder á realización da obra que se sinala, non podendo

iniciarse as obras ata que o técnico municipal as inspeccione previamente, debendo avisalo solicitante ó Concello con antelación suficiente.

A IMERYS KILN FURNITURE ESPAÑA, S.A., R.E. Nº. 5.723 DE DATA 3 DE AGOSTO DE 2007, E CON DOMICILIO NA RÚA DE JOSÉ MARÍA SESTO, S/N. (AS CACHADAS) DE A GUARDA-C.P. 36789, PARA REALIZAR PLATAFORMA DE FORMIGÓN PARA UBICACIÓN DUNHA PLANTA SATÉLITE DE NITRÓGENO LICUADO, SITA NO LUGAR DE “AS CACHADAS”, EN SOLO URBANO INDUSTRIAL (ORDENANZA Nº. 6 DO P.X.O.U.).

PUNTO 4.- PRÓRROGA DE OBRAS

Lese o escrito RE 6.172 de data 27 de agosto de 2007, presentado por D. ANTONIO LOMBA BAZ, con enderezo na rúa da Cal, nº 16-1º de A Guarda, solicitando prórroga de obras para a licencia 209/2006.

A Xunta de Goberno Local acorda concederlle a prórroga de obra á licencia 209/2006 por un ano.

Non habendo máis asuntos a tratar o Sr. Presidente levanta a sesión ás doce horas do día da data do que eu, como Secretario, dou fe.